18/02/2019

CONTAS DO SECTOR FOGARES

METODOLOXÍA

1 OBXECTIVOS

As Contas Económicas de Galicia teñen como obxectivo xeral ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega, que sexa completa, sistemática, sinxela e detallada. As contas do sector fogares permiten afondar no coñecemento deste sector institucional, completando a información proporcionada nas Contas económicas anuais.

Os principais obxectivos das Contas do sector fogares son:

- Obter o valor engadido bruto xerado polo sector fogares na súa faceta de empresario que produce bens e servizos, o cal nos permite coñecer a achega deste sector institucional ao produto interior bruto galego.

- Estudar e analizar as rendas primarias que os fogares reciben pola súa participación directa no proceso de produción (rendas do traballo: asalariado e autónomo) e a xerada como propietarios dun activo financeiro ou recurso natural a cambio de proporcionar fondos ou poñelo a disposición doutra unidade institucional (rendas da propiedade).

- Ofrecer información sobre o proceso de redistribución da renda a través dos impostos correntes sobre a renda e o patrimonio, as cotizacións e prestacións sociais e as transferencias correntes.

- Coñecer o peso que as prestacións sociais teñen na renda dispoñible bruta dos fogares galegos e analizar en que medida as cotizacións sociais satisfeitas polos fogares son suficientes ou non para cubrir as prestacións sociais recibidas.

- Valorar a renda bruta dispoñible dos fogares e a súa capacidade de aforro.

Con este fin, estimaremos as seguintes contas do sector institucional fogares:

- Contas de produción e explotación do sector fogares.

- Conta de asignación da renda primaria e a conta de distribución secundaria da renda. Como saldo da conta de distribución secundaria da renda, obtense a renda dispoñible dos fogares.

- Conta de redistribución da renda en especie e conta de utilización da renda dispoñible.

2 NORMATIVA

As Contas do sector fogares elabóranse seguindo os principios metodolóxicos do *Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), Regulamento (CE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea*[1] que establece a obrigatoriedade dos Estados membros de seguir os seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, as súas compoñentes e as súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 é coherente co *Sistema de Contas Nacionais de 2008 (SCN 2008)* que marca as directrices mundiais sobre contabilidade nacional, coa excepción de certas diferenzas que introduce o SEC-2010. Este último manual foi realizado e publicado baixo a responsabilidade conxunta de: Nacións Unidas (ONU), Fondo Monetario Internacional (FMI), Comisión das Comunidades Europeas-Eurostat, Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE) e o Banco Mundial.

O Sistema Europeo de contas (SEC-2010) fai unha breve referencia ás contas rexionais de rendas dos fogares, recollendo explicitamente a dificultade para obter a sucesión completa de contas e indicando que por motivos prácticos, as contas se limitan á conta de asignación da renda primaria e á conta de distribución secundaria da renda.

No manual sobre os métodos nas contas rexionais inclúese un capítulo sobre as contas do sector fogares dende unha perspectiva rexional[2].

3 OPERACIÓNS RELACIONADAS

Esta operación está estreitamente relacionada con outras operacións realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), especialmente coas Contas económicas anuais e a Renda municipal dos fogares.

O actual sistema integrado de contas económicas de Galicia ten un núcleo central formado polo Marco input-output, as Contas económicas anuais e as Contas económicas trimestrais. Estas tres operacións estatísticas configuran o marco central co que deben ser coherentes as restantes estatísticas de carácter sectorial e de síntese (por exemplo, as contas satélites) que se poidan desenvolver dentro deste sistema integrado.

Nas Contas económicas anuais difúndense a conta de produción e a conta de explotación para o total da economía e por ramas de actividade. Sen embargo, non se difunde información destas contas por sectores institucionais, nin tampouco do resto das contas correntes. As Contas do sector fogares supoñen un maior detalle para o sector institucional fogares.

Así mesmo, esta operación será a fonte básica de información para a Renda municipal dos fogares.

[1] Ver http://www.boe.es/doue/2013/174/L00001-00727.pdf
[2] Ver EUROSTAT (2013): *Manual on regional accounts methods*. Unión Europea, capítulo 10..

4 ÁMBITO XEOGRÁFICO E TEMPORAL

O período de referencia dos datos é anual e as variables económicas difúndense en miles de euros. Esta operación achega información das contas de produción, explotación, asignación primaria da renda, distribución secundaria da renda, redistribución da renda en especie e utilización da renda dispoñible do sector institucional fogares.

Os datos refírense á Comunidade autónoma de Galicia. O total da economía galega defínese en termos de unidades institucionais e sectores e está formado por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese económico predominante no territorio económico desta comunidade autónoma[3]. Esta operación restrínxese ao sector institucional fogares.

5 CONCEPTOS E DEFINICIÓNS

Os conceptos utilizados nesta operación estatística son coherentes cos establecidos no SEC-2010, o que implica que son compatibles a escala internacional, están harmonizados con outros sistemas de estatísticas sociais e económicas e están recoñecidos e establecidos para un longo período de tempo[4].

Sector institucional: O SEC define unha unidade institucional como unha entidade económica que se caracteriza pola súa autonomía de decisión no exercicio da súa función principal. As unidades institucionais agrúpanse en sectores segundo o tipo de produtor do que se trate e de acordo coa súa función ou actividade principal, aspectos que se consideran representativos do seu comportamento económico. No SEC defínense cinco sectores: Sociedades non financeiras (S.11), Institucións financeiras (S.12), Administracións públicas (S.13), Fogares (S.14) e Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (S.15).

Sector Fogares (S.14). Comprende aos individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores como na súa condición de empresarios que producen bens e servizos de mercado, sempre que a produción de bens e servizos non sexa realizada por entidades diferenciadas tratadas como cuasisociedades. Ademais, comprende aos individuos ou grupos de individuos que producen bens e servizos non financeiros exclusivamente para uso final propio.

P.1 Produción: é unha actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos para producir outros bens e servizos. A produción inclúe, independentemente de que sexan actividades ilegais ou ocultas, os seguintes casos:

- A produción de todos os bens e servizos individuais ou colectivos subministrados a unidades distintas dos seus produtores.
- A produción por conta propia daqueles bens que son consumidos polos propios produtores dos bens ou que incrementan os seus activos (por exemplo, a construción de vivendas por conta propia).

[3] Ver SEC-2010, 13.09 e seguintes
[4] Ver mais en SEC-2010, 1.21 e seguintes

- A produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios.
- Os servizos domésticos e persoais producidos polo persoal doméstico remunerado.
- As actividades de voluntariado (non remuneradas) que producen bens.

P.2 Consumos intermedios: representan o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción. Non se inclúen os activos fixos, cuxo consumo debe rexistrarse como consumo de capital fixo.

Valor engadido bruto (VEB): é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. A suma dos valores engadidos brutos de tódolos sectores institucionais, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos, dan como resultado o Produto Interior Bruto polo lado da oferta.

Excedente de explotación bruto (EEB)/ renda mixta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. É o saldo da conta de explotación. No caso do sector fogares, o saldo contable contén implicitamente un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario. Estes ingresos por conta propia presentan as características dos soldos e salarios pero tamén as dos beneficios obtidos como empresario e denomínanse renda mixta. Ademais, no caso da produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios, o saldo da conta de explotación é un excedente de explotación, e non renda mixta.

D.1 Remuneración de asalariados: comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en:

- Soldos e salarios, xa sexan en efectivo ou especie (D.11)
- Cotizacións sociais a cargo dos empregadores (D.12)

Na conta de explotación figura a Remuneración de asalariados "interior" como un emprego dos sectores residentes, mentres que na conta de asignación da renda primaria, aparece a Remuneración de asalariados "rexional" coma un recurso dos fogares residentes.

D.11 Soldos e salarios: Os soldos e salarios en efectivo inclúen os seguintes tipos de remuneración: soldos e salarios básicos pagados a intervalos regulares, outros pagos adicionais como gratificacións por horas extraordinarias, traballo nocturno, etc, complementos de transporte dende e ata o lugar de traballo, etc (SEC 4.03). Así mesmo, inclúen as cotizacións sociais, os impostos sobre a renda e outros pagos a cargo do asalariado aínda que o empregador os reteña e os pague directamente ás autoridades fiscais ou sistemas de seguros sociais en nome do asegurado. Pola súa parte, os soldos e salarios en especie son os bens e servicios, ou outras prestacións non en efectivo, proporcionados gratuitamente ou a prezos reducidos polos empregadores aos seus asalariados ou aos familiares dos mesmos (SEC 4.04 e 4.05)

D.12 Cotizacións sociais a cargo dos empregadores : Son as cotizacións sociais que pagan os empregadores aos sistemas de seguridade social ou outros sistemas de seguros sociais

vencellados ao emprego a fin de garantir as prestacións sociais para os seus asalariados. Poden ser efectivas (D.121) ou imputadas (D.122). As cotizacións sociais efectivas (D.121) son os pagos que os empregadores efectúan aos sistemas de seguridade social ou outros sistemas de seguros sociais vencellados ao emprego co fin de garantir o dereito dos seus asalariados ás prestacións sociais. Estas cotizacións poden ser obrigatorias ou voluntarias. As cotizacións sociais imputadas (D.122) representan a contrapartida das prestacións sociais pagadas directamente polos empregadores aos seus asalariados ou antigos asalariados.

D.4 Rendas da propiedade: Xéranse cando os propietarios de activos financeiros e de recursos naturais os poñen a disposición doutras unidades institucionais. No caso do sector fogares poden ser:

- D.41 Intereses
- D.42 Rendas distribuídas das sociedades, compostas por D.421 Dividendos e D.422 Rendas retiradas das cuasisociedades.
- D.44 Outras rendas de inversión
- D45 Rendas da terra

D.41 Intereses son as rendas da propiedade que reciben os propietarios de activos financeiros por poñer ditos activos financeiros a disposición doutra unidade institucional, tales como intereses de depósitos, préstamos, bonos e obrigas, letras e instrumentos similares, intereses de arrendamentos financeiros, etc. Esta partida pode ser tanto un recurso coma un emprego dos fogares.

D.421 Dividendos toda distribución de beneficios polas sociedades aos seus accionistas ou propietarios. Rexístranse como empregos na conta de asignación da renda primaria dos sectores nos que están clasificados as sociedades e como recursos dos sectores nos que están clasificados os accionistas. Pola súa banda, as **Rendas retiradas das cuasisociedades (D.422)** son os importes que os empresarios retiran efectivamente, para o seu propio uso, dos beneficios realizados polas cuasisociedades que lles pertencen. Rexístranse nos empregos da conta de asignación da renda primaria dos sectores nos que están clasificadas as sociedades e como recursos dos fogares.

As **outras rendas da inversión (D.44)** inclúen as rendas de inversión atribuíbles aos tomadores de seguro (D.441), as rendas de inversión a pagar sobre os dereitos por pensións (D.442) e as rendas de inversión atribuíbles a partícipes en fondos de inversión (D.443). Son un emprego do sector Institucións financeiras e un recurso principalmente do sector Fogares e tamén, residualmente, dos sectores Sociedades non financeiras e Institucións financeiras

A partida **D.45 Rendas da terra** comprende os ingresos que recibe o propietario dun recurso natural por poñelo a disposición doutra unidade institucional. Existen dous tipos diferentes de rendas procedentes de recursos: as rendas da terra (terreos) e as rendas de activos do subsolo (xacementos de minerais e combustibles fósiles). Poden ser tanto un recurso coma un emprego dos fogares na conta de asignación da renda primaria.

D.5 Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc.: Comprenden tódolos pagos obrigatorios e sen contrapartida recadados periodicamente polas administracións públicas e o resto do mundo sobre a renda e o patrimonio das unidades institucionais, así como algúns impostos periódicos que non se esixen nin sobre a renda nin sobre o patrimonio. Divídese en Impostos sobre a renda (D.51) e Outros impostos correntes (D.59). Constitúen un emprego para o sector fogares e un recurso para o sector Administración pública na conta de distribución secundaria da renda.

D.61 Cotización sociais netas: son as cotizacións efectivas ou imputadas que pagan os fogares aos sistemas de seguros sociais co fin de asegurar o pago de prestacións sociais. Comprenden:

- **D.611 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores:** corresponden ao fluxo D.121
- **D.612 Cotizacións sociais imputadas a cargo dos empregadores:** corresponden ao fluxo D.122
- **D.613 Cotizacións sociais efectivas a cargo dos fogares**: son as cotizacións sociais que pagan, no seu nome, os asalariados, os traballadores por conta propia ou os desempregados aos sistemas de seguros sociais
- **D.614 Cotizacións suplementarias a cargo dos fogares**: consisten nas rendas da propiedade obtidas durante o exercicio contable no stock dos dereitos por pensións e outras prestacións distintas das pensións. As cotizacións suplementarias a cargo dos fogares inclúense nas rendas da propiedade que pagan os administradores dos fondos de pensións aos fogares (recollidas na partida D.44). Posto que na práctica, os administradores de fondos de pensións reteñen esta renda, na conta de distribución secundaria da renda trátase como un reembolso polos fogares aos fondos de pensións en forma de cotizacións sociais suplementarias a cargo dos fogares.

D.62 Prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie: Comprende as seguintes partidas:

- **D.621 Prestacións da seguridade social en efectivo**: prestacións de seguros sociais a pagar en efectivo aos fogares polos fondos da seguridade social. Rexístranse como empregos das Administracións Públicas e recurso dos fogares.
- **D.622 Prestacións doutros sistemas de seguros sociais**: prestacións a pagar polos empregadores no contexto doutros sistemas de seguros sociais vencellados ao emprego (distintos da seguridade social). Inclúe, entre outros, as pensións doutros sistemas de seguros sociais (como as da *Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado* –MUFACE--), os salarios que se continúan pagando polos empregadores nos períodos de baixa, accidente, enfermidade, etc. , etc. Son un recurso dos fogares e un emprego do sector do empregador.
- **D.623 Prestacións de asistencia social en efectivo**: transferencias correntes pagadas polas administracións públicas ou as Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF) aos fogares, para cubrir as mesmas necesidades que as prestacións de seguros sociais pero que non se enmarcan nun sistema de seguros sociais que requira a participación con cotizacións sociais. Estas prestacións proporciónanse: cando non existe outro sistema de seguros sociais que cubra esa circunstancia, cando aínda que

existan outros sistemas de seguros sociais, o fogar en cuestión non ten dereito á prestación, cando as prestacións de seguros sociais non son suficientes para cubrir as necesidades e, en xeral, no marco da política social. Son un recurso dos fogares e un emprego dos sectores Administración Pública e ISFLSF.

D.63 Transferencias sociais en especie: comprenden os bens e servizos individuais proporcionados aos fogares, de forma gratuíta ou a prezos economicamente non significativos, por unidades das administracións públicas e das institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares, tanto se se adquiriron no mercado coma se proceden da produción de non mercado.

Fálase de servizos individuais para diferencialos dos servizos colectivos prestados a toda a comunidade ou unha gran parte dela como son os servizos de defensa, alumeado público, etc. Os servizos incluídos nesta partida son, na súa maioría, servizos de educación e sanidade. Exemplos concretos serían: Tratamentos médicos, dentais ou cirúrxicos, estancias hospitalarias, as gafas e lentes de contacto, os aparatos e equipos médicos e outros bens e servizos similares proporcionados no marco dos riscos e necesidades sociais, as vivendas sociais, as axudas á vivenda, as garderías infantís, a atención a maiores en residencias de anciáns, a formación profesional, os descontos nos prezos do transporte (sempre que teñan carácter social)... Tamén se consideran transferencias sociais en especie os bens e servizos de tipo recreativo, cultural ou deportivo, prestados polas administracións públicas aos fogares gratuitamente ou a prezos economicamente non significativos.

D.7 Outras transferencias correntes: No caso do sector fogares comprende:

- D.71 Primas netas de seguro non vida
- D.72 Indemnizacións de seguro non vida
- D.75 Transferencias correntes diversas

D.71 Primas netas de seguro non vida: As primas netas de seguro non vida son as primas a pagar en virtude de pólizas subscritas por unidades institucionais. Son os montantes dispoñibles para a cobertura de diversas continxencias ou accidentes, de orixe natural ou causado polo home, que provocan danos aos bens, ás propiedades ou ás persoas (incendios, inundacións, accidentes, roubos, etc.) ou ben para a cobertura de perdas financeiras ocasionadas por continxencias como enfermidades, desemprego, accidentes, etc.

No caso das pólizas dos fogares individuais son as que estes subscriben pola súa propia iniciativa e beneficio, independentemente dos empregadores e da administración pública e fora de todo sistema de seguros sociais.

Son un recurso do sector Institucións financeiras e un emprego do resto dos sectores (tomadores do seguro), en particular do sector fogares.

D.72 Indemnizacións de seguro non vida: Representan as indemnizacións imputables ao exercicio corrente en virtude de contratos de seguro non vida; é dicir, os importe que as

compañías de seguros están obrigadas a pagar por lesións ou danos sufridos polas persoas ou os bens.

As indemnizacións teñen a súa orixe nos danos ou lesións que os tomadores do seguro causan a terceiros ou a propiedades destes. Neses casos, considérase que as compañías de seguros pagan directamente as indemnizacións ás partes prexudicadas e non indirectamente a través do tomador do seguro.

Son un emprego do sector Institucións financeiras e un recurso do resto dos sectores (beneficiarios do seguro). En particular do sector fogares.

D.75 Transferencias correntes diversas: No caso do sector fogares, comprende:

- **D.751 Transferencias correntes ás institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares:** comprende as contribucións voluntarias (agás legados) e axuda financeira que as ISFLSF reciben dos fogares e, en menor medida, doutras unidades.
- **D.752 Transferencias correntes entre os fogares:** consisten en tódalas transferencias correntes, en efectivo u ou especie, que os fogares residentes efectúan a, ou reciben de, outros fogares residentes ou non residentes. En particular, inclúen as remesas de fondos que os emigrantes fan a membros da súa familia residentes noutro país
- **D.759 Outras transferencias correntes**: Inclúe outro tipo de transferencias que os fogares reciben ou efectúan como: bolsas de estudos, pagos de multas e sancións, etc.

Gasto en consumo final: consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades individuais, ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade. En particular, inclúense os servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios e non se inclúen:

- As transferencias sociais en especie, por exemplo gastos realizados inicialmente polos fogares e reembolsados posteriormente pola seguridade social
- As partidas consideradas consumos intermedios ou formación bruta de capital como:
    - Adquisición de vivendas ou gastos en obxectos valiosos (formación bruta de capital)
    - Gastos que realizan os propietarios que ocupan as súas vivendas en decoración, mantemento e reparación das mesmas.
    - Gastos que os fogares propietarios de empresas non constituídos en sociedade realizan con fins profesionais, como gastos en vehículos, mobiliario, etc.
- Todos os pagos dos fogares que se consideran impostos
- As subscricións, cotas e pagos dos fogares ás ISFLSF.

Saldo das rendas primarias bruto: é o saldo contable da conta de asignación da renda primaria. Este agregado amosa a renda que obteñen os fogares pola súa participación directa no proceso de produción (remuneración de asalariados e renda mixta) e as derivadas da tenza de activos financeiros e recursos naturais que poñen a disposición doutras unidades. É un indicador das rendas que posúen os fogares antes de que interveña ningún mecanismo de

redistribución coma os impostos, as cotizacións sociais, as prestacións sociais ou as transferencias entre fogares.

Renda dispoñible bruta: é o saldo contable da conta de distribución secundaria da renda. Recolle o resultado final da redistribución da renda (principalmente a través de impostos e prestacións sociais) sobre as rendas primarias obtidas polos fogares e é o importe que os fogares teñen dispoñible para o gasto en consumo final ou o aforro.

Renda dispoñible bruta axustada: obtense como saldo contable da conta de redistribución da renda en especie. Nesta conta engádese á renda dispoñible bruta as prestacións sociais en especie que os fogares reciben das administracións públicas e das ISFLSF. Obtense así un indicador máis global das rendas dispoñibles polos fogares ao terse en conta un conxunto de bens e servizos (como a educación ou a sanidade) que os fogares reciben a nivel individual de modo gratuíto ou a prezos economicamente non significativos.

6 FONTES E PROCEDEMENTO DE ESTIMACIÓN

Tal como se indica no SEC-2010, as contas rexionais están baseadas nas operacións das unidades residentes nun territorio rexional. De forma xeral, pode abordarse a estimación das contas económicas utilizando os seguintes métodos[5]:

1. **Métodos ascendentes:** Supón utilizar a información das unidades residentes na rexión e ir agregando as mesmas ata establecer o valor rexional do agregado. Ten a vantaxe de utilizar directamente as fontes pertinentes a escala rexional, e na fase final as estimacións ascendentes concílianse cos totais das contas nacionais.

2. **Métodos descendentes:** Supón distribuír a cifra nacional entre as rexións sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando un indicador. Este método ten a vantaxe de garantir a coherencia entre os datos numéricos das contas nacionais e das contas rexionais e a desvantaxe de que as estimacións non se obteñen a partir de datos directos.

3. **Métodos mixtos:** O método ascendente non se presenta polo xeral en estado puro polo que debe combinarse co método descendente.

O SEC-2010 dálle preferencia ás medicións directas fronte ás indirectas, e indica que se se dispón de microdatos completos e fiables a nivel de UAE locais, deben utilizarse métodos ascendentes.

Este é un principio que se ven aplicando nas estimacións das Contas Económicas de Galicia das distintas bases estimadas polo Instituto Galego de Estatística, de xeito que só se aplica un método descendente cando sexa manifesta a imposibilidade de obter os datos directos das unidades rexionais involucradas. No caso das contas dos fogares, debido á dificultade para obter fontes precisas e exhaustivas a nivel rexional, en moitos casos para obter os agregados que compoñen as contas do sector é preciso empregar métodos descendentes ou mixtos (en

[5] Ver SEC-2010, 13.24

maior medida do que se fai noutras operacións do sistema de Contas). Nestes casos o obxectivo será empregar o mellor indicador posible para rexionalizar o dato da Contabilidade Nacional.

6.1 CONTAS DE PRODUCIÓN E EXPLOTACIÓN

A conta de produción amosa as operacións relativas ao proceso de produción e pode elaborarse tanto para os sectores institucionais como para as ramas de actividade. Na operación Contas económicas anuais, estímase e difúndese esta conta, que ten como saldo o valor engadido bruto, para o total da economía e por ramas de actividade. No caso da conta de produción para o total da economía, inclúe nos recursos, ademais da produción de bens e servizos os impostos sobre os produtos netos de subvencións, o cal permite obter como saldo o produto interior bruto.

Figura 1. Conta de produción

EMPREGOS			RECURSOS
	P.1	**Produción**	**x**
x	**P.2**	**Consumos intermedios**	
x	**B.1b/**	**Valor engadido bruto/**	

A conta de explotación analiza en que medida o valor engadido engloba a remuneración dos asalariados e os outros impostos (netos de subvencións) á produción. O saldo contable é o excedente de explotación. É importante ter en conta, que esta conta presenta as operacións de rendas primarias dende a perspectiva dos sectores fonte e non destino. Ao igual que se comentaba para a conta de produción, esta conta estímase e difúndese para o total da economía e por ramas de actividade na operación Contas económicas anuais.

Na conta de explotación, as subvencións aos produtos figuran como un emprego negativo.

Figura 2. Conta de explotación

EMPREGOS			RECURSOS
	B.1b/	**Valor engadido bruto/**	**x**
x	**D.1**	**Remuneración dos asalariados**	
x	D.11	Soldos y salarios	
x	D.12	Cotizacións sociais a cargo dos empregadores	
x	**D.2**	**Impostos sobre a produción e as importacións**	
x	D.29	Outros impostos sobre a produción	
x	**D.3**	**Subvencións aos produtos**	
x	D.39	Outras subvencións á produción	
x	**B.2b**	**Excedente de explotación bruto**	
x	**B.3b**	**Renda mixta bruta**	

O punto de partida para estimar estas contas para o sector fogares son as contas de produción e explotación por ramas de actividade obtidas nas Contas económicas anuais. Así, trabállase para cada unha das ramas de actividade definidas nas contas anuais de modo individual. En

cada unha das ramas, desagréganse os distintos agregados: produción, consumos intermedios, remuneración de asalariados, e impostos netos de subvencións sobre os produtos, entre os distintos sectores institucionais. Inténtase empregar, cando é posible, a mesma fonte usada para a estimación das macromagnitudes da rama nas Contas económicas anuais. Feito isto para tódalas ramas de actividade, obtense a conta de produción e explotación por sectores para Galicia agregando as de tódalas ramas.

Un primeiro paso é delimitar os sectores presentes en cada unha das ramas. Nalgunhas ramas de actividade isto é inmediato, xa que todas as unidades que compoñen a rama de actividade se inclúen nun determinado sector institucional, este é o caso, por exemplo, da rama 64: Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións que se incluiría integramente no sector S.12: Institucións financeiras. Porén, na maioría das ramas de actividade, existirán unidades institucionais que se poden clasificar en distintos sectores de actividade, se ben, na maior parte delas, unicamente se debe diferenciar a parte correspondente ao sector Fogares e ao sector Sociedades non financeiras.

A continuación, búscase un indicador que permita distribuír as macromagnitudes estimadas para o total da rama entre os sectores institucionais que inclúe. O procedemento é diferente para as distintas ramas en función da información dispoñible en cada caso. Por exemplo, en moitas das ramas da industria e dos servizos de mercado emprégase a información da *Estadística estructural de Empresas* feita polo Instituto Nacional de Estatística (INE), nas ramas da pesca e da acuicultura emprégase información proporcionada directamente pola Consellería de Mar e da Enquisa de ocupación na pesca (OCUPESCA).

Merece especial atención o tratamento da rama de actividade 68: Actividades inmobiliarias. Esta rama inclúe a produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios (aluguer imputado). O saldo da conta de explotación desta produción non é renda mixta, se non excedente bruto de explotación.

Como saldo contable da conta de explotación do sector fogares obtense a renda mixta e o excedente bruto de explotación (derivado do aluguer imputado).

6.2 CONTA DE ASIGNACIÓN DA RENDA PRIMARIA

Ao contrario do que ocorre nas contas de produción e de explotación, a conta de asignación da renda primaria, ocúpase das unidades residentes e dos sectores institucionais como perceptores de renda primaria e non como produtores de dita renda primaria.

O SEC define a renda primaria como a “renda que reciben as unidades residentes en virtude da súa participación directa no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun recurso natural por facilitar fondos ou poñer os recursos naturais a disposición doutra unidade institucional”.

En concreto, para o sector fogares, a remuneración de asalariados que figura nesta conta non é a mesma que a que figura na conta de explotación. Na conta de explotación adóptase unha

perspectiva “interior” (remuneración que os fogares residentes en Galicia na súa faceta de empresarios efectúan aos seus asalariados), mentres que na conta de asignación da renda primaria a perspectiva é “rexional” (remuneración que reciben os asalariados residentes en Galicia).

É dicir, nas contas de produción e de explotación centrámonos no territorio onde se xera a actividade económica e na conta de asignación da renda primaria (e seguintes) centrámonos no territorio onde residen os perceptores das rendas xeradas. Seguindo un enfoque “rexional” as rendas vencéllanse ao lugar de residencia dos perceptores e non ao lugar onde ditas rendas se xeran.

Figura 3. Conta de asignación da renda primaria

EMPREGOS			RECURSOS
	B.2b	**Excedente de explotación bruto**	**x**
	B.3b	**Renda mixta bruta**	**x**
	D.1	**Remuneración dos asalariados**	**x**
	D.11	Soldos e salarios	x
	D.12	Cotizacións sociais a cargo dos empregadores	x
x	**D.4**	**Rendas da propiedade**	**x**
x	D.41	Intereses	x
	D.42	Rendas distribuidas das sociedades	x
	D.44	Outras rendas de inversión	x
x	D.45	Rendas da terra	x
x	**B.5b/B.5*b**	**Saldo de rendas primarias bruto**	

REMUNERACIÓN DE ASALARIADOS

A remuneración de asalariados que aparece nesta conta recolle os pagos recibidos polos asalariados residentes en Galicia pola súa participación nas actividades produtivas, independentemente de onde estean situados os establecementos onde traballan (falamos de remuneración de asalariados “rexional”).

O punto de partida para a súa estimación é a remuneración de asalariados do total da economía difundida na conta de explotación[6] das Contas económicas anuais, que recolle os pagos realizados polos sectores residentes aos seus asalariados como contrapartida pola súa participación na produción. Tal e como se comentaba, na conta de asignación da renda primaria debemos pasar desa perspectiva interior a unha perspectiva rexional.

O procedemento a seguir é o seguinte: á remuneración de asalariados interior engadímoslle a remuneración dos asalariados residentes en Galicia pero que traballan en establecementos situados fóra e restámoslle a remuneración de asalariados dos residentes fóra que traballan en

[6] A remuneración de asalariados que figura na conta de explotación recolle os pagos que reciben os asalariados (independentemente da súa residencia) pola súa participación na produción dos establecementos produtivos galegos (falamos de remuneración de asalariados “interior”).

establecementos situados en Galicia. Para iso, facemos o suposto de que as remuneracións dos residentes fóra que traballan na nosa comunidade autónoma son semellantes ás que teñen os residentes en Galicia e, de modo análogo, supoñemos que residentes en Galicia que traballan fóra teñen unha remuneración media semellante á do espazo económico onde traballan. As fontes de información empregadas son a Enquisa de poboación activa realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e o IGE, afiliacións á Seguridade Social, as Contas económicas anuais (IGE), a *Contabilidad nacional anual de España* (INE) e *Annual national accounts* (Eurostat).

Unha vez obtida a remuneración de asalariados, estimamos as cotizacións sociais e por último obtéñense os soldos e salarios por diferencia.

As cotizacións sociais imputadas (D.122) representan a contrapartida das prestacións sociais pagadas directamente polos empregadores aos seus asalariados ou antigos asalariados. Estas prestacións inclúen por exemplo, os pagos realizados como parte da prestación por incapacidade temporal que o empregador abona os primeiros días de baixa laboral e que non son cubertos pola seguridade social, pagos realizados voluntariamente polo empregador como complemento á prestación de desemprego do INEM dos traballadores afectados por un expediente de regulación de emprego, complementos de pensión de xubilación, etc. Esta partida non se difunde nas Contas Económicas Anuais e é preciso estimala para esta operación. Por simplicidade, facemos o suposto de que as cotizacións sociais imputadas coinciden en termos interior e rexional.

Son especialmente relevantes as cotizacións sociais imputadas correspondentes aos mutualistas de MUFACE, ISFAS e MUGEJU. Ditas cotizacións sociais estímanse a partir da información das memorias anuais de cada unha das mutualidades, así como de información subministrada directamente ao IGE. No caso das outras ramas de actividade, a fonte de información empregada é a *Encuesta Anual de Coste Laboral* (INE) que nos permite calcular, por sectores de actividade, o peso das cotizacións sociais imputadas sobre o total de cotizacións sociais.

Para obter as cotizacións sociais efectivas emprégase o mesmo ratio obtido para a remuneración de asalariados interior e rexional.

RENDAS DA PROPIEDADE

Non se dispón de suficiente información para facer unha estimación usando métodos ascendentes. Por ese motivo faise unha rexionalización dos datos da Contabilidade nacional.

No caso dos intereses que son un emprego dos fogares, considerouse un bo indicador o peso do valor das hipotecas de Galicia con respecto ao total nacional. Para ter en conta non só as hipotecas formalizadas cada ano (xa que os intereses a pagar nun determinado ano dependen tamén das hipotecas formalizadas en anos anteriores) obtense o indicador para o ano t (I_t) como segue:

$$I_t = \frac{\sum_{i=0}^{14}\left(1-\frac{i}{15}\right) * HipotecasGalicia_{t-i}}{\sum_{i=0}^{14}\left(1-\frac{i}{15}\right) * HipotecasEspaña_{t-i}}$$

Sendo $HipotecasGalicia_t$ o valor (produto de número de hipotecas por importe medio) das hipotecas constituídas en Galicia no ano t e $HipotecasEspaña_t$ o valor das hipotecas constituídas en España no ano t. A información necesaria obtense da *Estadística de hipotecas* do INE

Para estimar os intereses e rendas distribuídas das sociedades que son un recurso dos fogares, empregamos información da estatística da AEAT: *Estadísticas de los declarantes del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas (IRPF)* para rexionalizar o dato nacional.

No caso da partida D.44 Outras rendas da inversión que son un recurso dos fogares, usamos como indicador o peso de Galicia/España do valor engadido bruto das ramas de actividade de servizos financeiros, seguros, e fondos de pensións agás seguridade social obrigatoria (ramas de actividade 64 e 65).

Por último, no caso da partida D.45 Rendas da terra usamos como indicador o peso en poboación Galicia/España.

6.3 CONTA DE DISTRIBUCIÓN SECUNDARIA DA RENDA

A conta de distribución secundaria da renda amosa como se asigna o saldo das rendas primarias do sector fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda e o patrimonio, as cotizacións sociais e as prestacións sociais e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes constitúen unha redistribución da renda en efectivo. Os principais instrumentos de redistribución son os impostos das administracións públicas recadados entre os fogares e as prestacións sociais abonadas aos fogares.

O saldo da conta é a Renda dispoñible bruta, que reflicte o resultado das operacións correntes e é o importe dispoñible para o consumo final ou o aforro

Figura 4. Conta de distribución secundaria da renda

EMPREGOS			RECURSOS
	B.5b/	**Saldo de rendas primarias bruto**	**X**
X	**D.5**	**Impostos correntes sobre a renda, o patrimonio , etc.**	
X	D.51	Impostos sobre a renda	
X	D.59	Outros impostos correntes	
X	**D.61**	**Cotizacións sociais netas**	**X**
X	**D.62**	**Prestacións sociais distintas das transferencias sociais en especie**	**X**
X	**D.7**	**Outras transferencias correntes**	**X**
X	D.71	Primas netas de seguro non vida	

	D.72	Indemnizacións de seguro non vida	x
x	D.75	Transferencias correntes diversas	x
x	**B.6b**	**Renda dispoñible bruta**	

IMPOSTOS CORRENTES SOBRE A RENDA, O PATRIMONIO, ETC.

Os impostos sobre a renda (D.51) no caso do sector fogares correspóndense co Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF). Estímanse a partir da liquidación definitiva anual do rendemento da tarifa autonómica do IRPF que publica o Ministerio de Facenda e Función Pública, tendo en conta a tarifa correspondente ao tramo de tributación autonómica.

No referido aos outros impostos correntes (D.59), que son tamén un emprego do sector fogares, inclúense o imposto sobre o patrimonio, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica pagado por fogares, o Imposto de bens inmobles (IBI) correspondente ás vivendas baleiras e secundarias (o correspondente ás vivendas principais é un consumo intermedio da produción de alugueiro imputado) e as licenzas de caza e pesca.

No caso do IBI correspondente ás vivendas baleiras e secundarias estímase empregando información da recadación por concello do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, a información dos bens inmobles e o seu valor catastral por usos (residencial, comercial, sanitario, etc.) para cada concello que publica a *Dirección General de Catastro* do *Ministerio de Hacienda y Función Pública* e o Censo de vivendas de 2011 que nos dá información sobre número de vivendas principais, baleiras, etc

Para as restantes partidas, a principal fonte de información son as liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia e das corporacións locais, xa que son tributos que recadan ditas administracións.

COTIZACIÓNS SOCIAIS NETAS

As cotizacións sociais a cargo dos empregadores (D.611+D.612) que son un emprego dos fogares residentes na conta de distribución secundaria da renda son iguais ás cotizacións sociais a cargo dos empregadores (D.12) que son recurso dos fogares residentes na conta de asignación da renda primaria.

As cotizacións sociais efectivas a cargo dos fogares (D.613) obtéñense como suma das cotizacións de asalariados, autónomos e desempregados. As fontes de información son a *Estadística de los declarantes del Impuesto sobre la Renta de las Personas* Físicas (IRPF) da AEAT[7] (para asalariados) e as memorias anuais que publica a *Tesorería General de la Seguridad Social*.

[7] Partida *Cotizaciones a la Seguridad Social o a Mutualidades Generales obligatorias de Funcionarios, detracciones por derechos pasivos y cotizaciones a Colegios de Huérfanos o entidades similares* incluída nos rendementos do traballo

As cotizacións sociais suplementarias a cargo dos fogares (D.614) obtéñense por rexionalizacion do dato nacional. Tal como establece o SEC, as Cotizacións sociais suplementarias a cargo dos fogares inclúense na renda da propiedade que pagan os administradores dos fondos de pensións aos fogares na conta de asignación da renda primaria (rendas de inversión a pagar sobre os dereitos por pensións (D.442)). Para a estimación desta partida supoñemos que se mantén para Galicia o mesmo peso sobre o total das outras rendas de inversión das rendas da propiedade (D.44) nacional.

PRESTACIÓNS SOCIAIS DISTINTAS DAS TRANSFERENCIAS SOCIAIS EN ESPECIE

A fonte de información para as prestacións da seguridade social en efectivo (D.621), pensións e prestacións de desemprego, é a *Estadística del mercado de trabajo y pensiones* da AEAT.

A partida de prestacións doutros sistemas de seguros sociais (D.622) que son un emprego do sector fogares obtense por rexionalización do dato nacional partindo da táboa *Cotizaciones y prestaciones sociales por tipo y sector institucional* da Contabilidade Nacional e empregando o peso do valor engadido bruto do sector fogares galego sobre o total nacional.

No referido á partida de prestacións doutros sistemas de seguros sociais (D.622) que son un recurso dos fogares, esta obtense por agregación das prestacións pagadas polos distintos sectores institucionais empregadores: Sociedades non financeiras, Institucións financeiras, Fogares, e Administración Pública (o máis relevante cuantitativamente). No caso das prestacións que son un emprego da Administración Pública correspóndense principalmente coas prestacións de MUFACE, ISFAS e MUGEJU (difundidas nas respectivas memorias anuais). No caso das prestacións pagadas polas sociedades non financeiras e polas institucións financeiras estímanse por rexionalización do dato nacional, empregando como indicador a *Estadística de los declarantes del Impuesto sobre la Renta de las Personas* Físicas (IRPF) da AEAT[8]. No caso das prestacións pagadas polo sector fogares tamén se obteñen rexionalizando o dato nacional usando como indicador o valor engadido bruto do sector institucional.

Por último, a partida prestacións de asistencia social en efectivo (D.623) obtense a partir da información das prestacións non contributivas de invalidez e xubilación da Seguridade Social, das *Prestaciones Sociales y Económicas para Personas con Discapacidad* do IMSERSO, e outras prestacións como a Renda de Inclusión Social de Galicia, o Fondo de emerxencia social ou o complemento autonómico de prestacións non contributivas dispoñibles nas liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia.

OUTRAS TRANSFERENCIAS CORRENTES

Para a estimación das primas netas e indemnizacións de seguro non vida utilizamos indicadores de reparto do agregado nacional. Estes indicadores obtéñense a partir da información publicada pola asociación de entidades de seguros ICEA (Investigación Cooperativa entre Entidades Aseguradoras e Fondos de Pensións) .

[8] Partida *Contribuciones empresariales a planes de pensiones, planes de previsión social y mutualidades de previsión social*

No que se refire á estimación das outras transferencias correntes, que engloban múltiples partidas, utilízase información procedente de varias fontes, entre as que destacan:

- Estimacións das Contas económicas anuais da actividade do sector ISFLSF.
- Multas e sancións procedentes do Ministerio de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Tráfico, liquidacións orzamentarias das Corporacións Locais e Administración Autonómica, etc.
- Datos procedentes da estatística de bolsas e axudas do Ministerio de Educación.
- Estatística dos declarantes de IRPF da AEAT.
- Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE) e Cifras de Poboación do INE
- Datos procedentes do Boletín estatístico do Banco de España

6.4 CONTA DE REDISTRIBUCIÓN DA RENDA EN ESPECIE

Esta conta dá unha visión máis ampla da renda dos fogares, ao incluír os fluxos correspondentes á utilización dos bens e servizos individuais que ditos fogares reciben de forma gratuíta das administracións públicas e das ISFLSF, é dicir, as transferencias sociais en especie.

Figura 5. Conta de redistribución da renda en especie

EMPREGOS			RECURSOS
	B.6b	Renda dispoñible bruta	x
	D.63	Transferencias sociais en especie	x
x	B.7b	Renda dispoñible axustada bruta	

As transferencias sociais en especie (D.63) obtéñense das Contas económicas anuais e rexístranse nos recursos dos fogares nesta conta.

6.5 CONTA DE UTILIZACIÓN DA RENDA DISPOÑIBLE

A conta de utilización da renda dispoñible amosa para os sectores que teñen gasto en consumo final: fogares, administración pública e ISFLSF, como se distribúe a renda dispoñible (ou a renda dispoñible axustada) entre o gasto en consumo final (ou consumo final efectivo) e o aforro.

Figura 6. Conta de utilización da renda en dispoñible

EMPREGOS			RECURSOS
	B.6b	Renda dispoñible bruta	x
	D.8	Axuste pola variación dos dereitos por pensións	x
x	P.3	Gasto en consumo final	

x	**B.8b**	**Aforro bruto**

Tamén neste caso a fonte de información son as Contas económicas anuais para a partida do gasto en consumo final. O Axuste pola variación dos dereitos por pensións obtense por rexionalización do dato nacional.